

001734 05.02.2014 08:44

INSTRUCCIÓN I/2014 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC, establece que en materia de roupa de traballo e vestiario a Universidade proporcionaralles anualmente aos/as traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade, e unha vez negociado co Comité Intercentros, a xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 1 de agosto de 2011, (DOG do día 18 de agosto), dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2014 cubrirase e presentarse persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6, Santiago de Compostela) e na Vicexerencia do Campus de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os postos de traballo con dereito a prenda de traballo son os que se relacionan no anexo á presente instrución. Exclúense dela o persoal coa categoría de condutor e o que presta servizos en actos oficiais.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 21 de abril ata o 22 de xullo do ano 2014 en horario de 9 a 14 horas.

3. PROCEDEMENTO

3.1 Ao/Á traballador/a entregaráselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia do Campus de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3.2 Os/As traballadores/as destinados/as en Santiago, deberán acudir co resgardo á Empresa VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado e **os/as destinados/as en Lugo** serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.

3.3 O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5. FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2014

A xerente



María Lourdes Batán Aira

ANEXO Á INSTRUCIÓN DE ROUPA DE TRABALLO

ROUPA TRABALLO 2014		
CATEGORÍA	Nº prendas	ROUPA DE TRABALLO
Vixiante	2	batas azuis
Persoal limpeza	2	batas azuis ou pixamas de dúas pezas
Cociñeiro/a	2	batas brancas ou pixamas de dúas pezas
	1	gorro de cociñeiro/a
Especialista de oficios (mantemento)	2	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis.
	1	chuvasqueiro
Técnico en instalacións. especialidade calefactor	2	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis
	1	chuvasqueiro
Especialista de oficios (electricistas) e Técnico en instalacións, especialidade electricista	2	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis
	1	chuvasqueiro
Especialista de oficios (Xardineiro/a)	2	traxes mahon verán
	4	camisas, 2 verán e 2 inverno
	8	pares de carpíns 4 verán e 4 inverno
	1	gorro ou pasamontañas
	1	traxes inverno tipo goretex (non plásticos)
	1	viseira ou chapeo
Técnico investigación da finca de prácticas.		Terá as mesmas prendas que o especialista de oficios xardineiro/a
Oficial servizos (de deportes)	2	batas azuis ou fundas ou traxes de mahón. - O que realice labores propias de xardinería, terá opción as mesmas prendas que o especialista de oficios xardineiro/a
Socorrista	2	bañadores
	1	albornoz ou toalla grande
	2	gorros de baño
	1	gafas
	3	camisetas laranxa co anagrama « socorrista »
	2	pantalóns curtos cor azul

Técnico especialista en actividades deportivas	2 1 1	chándall par de tenis ou botas de monte anorak (impermeable e de abrigo, cada dous anos, para os que desenvolvan o seu traballo no exterior)
Mestre	2 1	batas brancas ou 2 chandall Par de tenis
Técnico especialista escola infantil	2 1	batas brancas ou 2 chandall par de tenis
Médico	1 1	bata branca calzado con sola antideslizante (1 par)
Diplomado en enfermería	1 1	bata branca calzado con sola antideslizante (1 par)
Delineante	1	bata branca
ATB, Aux. Técnico de Publicacións	2	fundas ou traxes de mahón ou batas azuis
ATI, OFI y Aux. Servicios Centros (*) 1 traxe de augas (EN 343) para cada conserxería de cada centro	1	funda ou traxe de mahon ou bata azul
Persoal de correos (de reparto)	2	batas azuis
Técnico investigación do forno incinerador	2 4 8	fundas ou traxes de mahón camisas(2 veran 2 inverno) 4 pares carpíns de veran e 4 de inverno
Resp Seguridad	1 1	chuvasquero botas agua
Tec.Invs.Veter.	1 4 8	traxe mahon veran camisas, 2 verán e 2 inverno carpíns

T.Inv.Dpto Anat. Animal	2 1 4 8 1	traxes mahon Veran traxe Inverno Frio/Agua camisas, 2 verán e 2 inverno carpins (4 verán-4 inverno) traxe de pana
Restaurador de Libros e Documentos	1	mandil impermeable
Restaurador de arte	1	bata
Técnico Especialista Imprenta	2	fundas ou traxes mahon ou batas azuis
T. I. Area Biolox Saude (Medc-Odn)	1	1 par de calzado sola antideslizante

Ás persoas xubiladas parcialmente de forma anticipada daráselles a roupa de traballo cada 3 anos